

Bases do I Concurso de Fotografía Novel Expofoto Narón

Obxectivo:

O tema do concurso de fotografía será libre, primándose a orixinalidade e creatividade.

Prazo do concurso:

O concurso dará comezo o día **9/01/2015** e finalizará **ás 13:30 h do 15/02/2015**.

Normas:

Cada participante poderá mandar un máximo de 3 fotografías. As fotografías deberán ser inéditas, en B/N ou en color, admitiranse retoques pero non montaxes nin superposicións. Non poderán ser manipuladas por programas de tratamento de imaxe nin ter sido seleccionadas, premiadas ou presentadas en calquera outro certame ou concurso. Os participantes responsabilizaranse da súa autoría e orixinalidade, así como dos seus contidos que non poderán ser ilícitos, ofensivos ou discriminatorios, nin lesionar bens ou dereitos, incluídos dereitos de imaxe de terceiros.

A organización do concurso resérvase o dereito a declarar deserto o premio no caso de que considere que o número de participantes ou a calidade dos traballos presentados non alcancen uns mínimos aceptables.

As fotografías presentadas, poderán ser utilizadas pola organización de **EXPOFOTO** Narón como considere oportuno, e ser publicadas en redes sociais, sempre e cando se acompañen do nome do/a autor/a da fotografía e sempre e cando sexan para uso publicitario de **EXPOFOTO** Narón.

O material non poderá levar logo nin anagrama do autor.

Participantes e inscrición:

A inscrición é de balde e poderán participar **fotógrafos afeccionados** maiores de idade.

Quedan excluídos os membros do xurado, os seus cónxuxes e parentes en primeiro e segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

Requisitos das fotografías:

As fotografías deberán ter unha **resolución mínima de 1024 x 768 px.**, e os **formatos admitidos serán JPG, TIFF e PNG.**

Forma de presentación:

- Arquivo dixital enviado a dirección de correo electrónico expofotonaron@outlook.es incluíndose os seguintes datos: nome do participante, DNI, dirección, teléfono de contacto.

Xurado e premios:

De entre tódalas fotografía recibidas, seleccionaranse 3 finalistas, que poderán presentar o seu traballo na gala Expofoto Narón o día 1 de Marzo do 2015. O xurado que elixe ós tres finalistas son:

1º finalista: Escollido por números de "me gusta" en redes sociais, na páxina "Expofoto Narón"

2º finalista: Escollido polos fotógrafos profesionáis participantes na gala.

3º finalista: Escollido polos representantes de Expofoto no Pazo da Cultura de Narón.

O gañador final o escolle o público presente na gala **EXPOFOTO NARÓN**, mediante votación en urna. O gañador obterá un premio de:

1º premio: 250 €

A participación no concurso supón a **aceptación das presentes condicións**, así como das decisións que puidera adoptar EXPOFOTO NARÓN a efectos de interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nelas.